



Compañeira, compañeiro:

Como ben sabes, **os acordos sobre o orzamento municipal co PSOE non adoitan ser doados**. Serva de exemplo que no ano 2022 tardaron seis meses en enviarnos unha proposta de negociación e que aínda seguimos agardando as súas achegas para o orzamento do 2023, ambos os dous no anterior mandato.

Dende que comezou este mandato **o PSOE ten tomada a decisión de non entrar no goberno e**, ademais, **obstaculizar en todo o posíbel a xestión municipal**, nunha estratexia que os levou a confluír co PP. Ten en conta que hai tres temas que ambos os dous consideran liñas vermellas: recuperar o tráfico en Raíña Vitoria (o PSOE mudou a súa postura para confluír co PP), levar a feira á Alameda (o PP virou cara a postura do PSOE) e a suba do 10% por riba do 9'5% que lle corresponde aos funcionarios, iso que chaman "nova RPT" (nisto PSOE e PP foron cambiando até chegaren a un punto común).

Esta posición de **bloqueo aos orzamentos polo PSOE, ameaza con levar o Concello a unha parálise** na que non só se ven ameazados os fondos europeos, senón tamén os propios servizos municipais e moi especialmente as actividades festivas, culturais e deportivas.

Dun PP agora radicalizado e que sempre estivo en contra do modelo Pontevedra non se pode agardar moito, mais un PSOE de Pontevedra situado en posición de pinza con el lembra a tempos anteriores que semellaban superados. Sobre todo se se compara coa actitude construtiva de outras cidades: a día de hoxe hai acordo entre o BNG e o PSOE alí onde se precisa, en Santiago, en Lugo e no concello e na deputación da Coruña.

Diante desta situación de bloqueo faise necesario apostar en medidas extraordinarias e por iso decidín ligar a aprobación dos orzamentos municipais de Pontevedra a unha cuestión de confianza.

Coa cuestión de confianza poño en xogo a alcaldía de Pontevedra, mesmo arriscando que a pinza PSOE-PP se materialice nunha moción de censura, que habería que ser moi inxenuo para non considerar posíbel dada a similitude de proxectos entre os dous grupos da oposición municipal. Póñoa en xogo con todas as consecuencias porque, repito, **é imprescindible rachar co bloqueo** ao que nos abocan as actuais posicións do PSOE e para que Pontevedra siga a avanzar.

Por todo iso **pídoche persoalmente que me acompañes e asistas ao Pleno que se vai celebrar este luns 8 de xaneiro ás 11:00 no Teatro Principal**. Sei que non é unha petición doada, mais o momento esixe que todas e todos fagamos un esforzo.

Vémonos o luns! Apertas!



Asdo: Miguel Anxo Fernández Lores